



14 de marzo de 2008

Curso 2007/08 nº 20

Correo:boletin@edu.xunta.es



# Boletín Informativo

## *Informe de Galicia. PISA 2006*

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria publica o resultado do *Informe PISA 2006. Informe de Galicia. Competencias para o mundo de mañá*. Galicia participou por primeira vez cunha mostra de alumnado representativa abondo desde o punto de vista estatístico para ser analizada de xeito individual.

### Contido:

*Compensación de gastos por accidentes* 2

*Concurso asesores/as* 2

*Concurso prazas de convenio ou programas* 2

*Actividades formativas para profesorado no estranxeiro* 2

*VIII Xornadas de Tecnoloxía* 2

## *Axudas para a adquisición dun ordenador persoal*

No [DOG nº 49](#) do luns 10 de marzo sae publicada a Orde do 29 de febreiro de 2008 pola que se establecen as bases que rexen as axudas ao alumnado de niveis non-universitarios para a adquisición dun ordenador persoal durante o ano 2008 e se procede á súa convocatoria.

## *Resolución provisional concurso de traslados*

Resolución do 13 de marzo de 2008 da Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria pola que se resolve provisionalmente o concurso de traslados entre funcionarios docentes dos corpos de profesores de ensino secundario, profesores técnicos de formación profesional, profesores de escolas oficiais de idiomas, catedráticos e profesores de música e artes escénicas, profesores e mestres de taller de artes plásticas e deseño. [Acceso.](#)

## *Forum Orienta 2008. Ensino Superior de Galicia.*

A finalidade do *Forum Orienta 2008* e promover e difundir a oferta de ensino superior de Galicia. Está dirixido ao alumnado de bacharelato e de formación profesional, profesorado, orientadores/as, pais e nais e comunidade educativa de Galicia en xeral. O evento terá lugar do 8 ao 13 de abril no salón IFEVI (Vigo). Aberto o prazo de inscrición para participar. [Acceso](#)

## *Título graduado en educación secundaria maiores de 18 anos*

No [DOG nº 49](#) do luns 10 sae publicada a Resolución do 15 de febreiro de 2008, da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, pola que se convocan as probas para a obtención do título de graduado en educación secundaria para maiores de 18 anos nas convocatorias de xuño e de setembro, e se ditan instrucións para a súa realización.

**Últimas novedades no portal de contidos educativos.**

[Acceso](#)

## Ourense



*Río Arenteiro, curiosa cara no río (Pontevedra)*



*Caldas do inferno. Corcubión (A Coruña)*



*Restos dun Canastro no Camiño Real. A Laxe (Pontevedra)*



*Poza da Fecha (Ourense)*

### *Axudas económicas de compensación de gastos por accidentes*

No [DOG nº 51](#) do mércores 12 sae publicada a orde do 28 de febreiro pola que se convocan axudas para compensar gastos derivados dos accidentes de tráfico de persoal en función docente ou inspectora.

### *Concurso de méritos específico para postos de asesores/as*

No [DOG nº 51](#) do mércores 12 sae publicada a Orde do 28 de febreiro de 2008 pola que se convoca concurso de méritos específico entre funcionarias/os de carreira dos corpos docentes que imparten ensinanzas en niveis non-universitarios para cubrir prazas de asesoras/asesores na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

### *Prazas sometidas a convenio ou programas específicos*

No [DOG nº 51](#) do mércores 12 sae publicada a Orde do 3 de marzo de 2008 pola que se convoca concurso de méritos específico entre funcionarios/as de carreira dos corpos docentes que imparten ensinanzas en niveis non-universitarios para cubrir postos de profesoras/profesores en prazas sometidas a convenio ou a programas específicos da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.


### *Actividades formativas para profesorado no estranxeiro*

Axiña será publicada no DOG a orde pola que se convocan actividades formativas no estranxeiro dirixidas a funcionarios docentes de carreira para o ano 2008. Haberá 275 prazas para cursos de inglés na Universidade de Limerick en Irlanda, de francés en Nantes (Francia), de alemán en Freiburg (Alemaña) e de portugués na Universidade do Minho en Braga (Portugal). Cabe destacar un curso de aprofundamento en técnicas de música en inglés tamén na Universidade de Limerick . [Máis información](#)

### *VII Xornadas de Tecnoloxía*

A asociación do Profesorado de Tecnoloxía de Galicia (APETEGA) organiza as Xornadas de Tecnoloxía de Galicia, dirixidas a todo o profesorado da área. Un punto de encontro, formación e renovación pedagóxica dos docentes de Tecnoloxía. Celebraranse no IES Gregorio Fernández de Sarria (Lugo), os días 18 e 19 de abril. [Máis información.](#)

## Webs temáticos



## Publicacións

- [LOE](#)
- [O proceso de adaptación. E ti ... vas á escola?](#)
- [Plan de Convivencia](#)
- [Saudíña](#)
- [Alumnado con trastornos xeneralizados do desenvolvemento](#)
- [Alumnado con discapacidade motora](#)
- [Alumnado con problemas de conduta](#)
- [Alumnado con discapacidade intelectual](#)
- [Alumnado con sobredotación intelectual](#)

*Ligaçon á páxina de lexislación educativa: [acceso](#)*